



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201100007478
04/04/2011 10:51:13

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 4 DE ABRIL DE
2011, POLA QUE SE FAN PÚBLICAS A LISTA
DEFINITIVA DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS, A
LISTA DEFINITIVA DE AGARDA E A LISTA
DEFINITIVA DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS DO
PROGRAMA DE MOBILIDADE SICUE PARA O
CURSO 2011/2012**

En cumprimento do establecido na Resolución Reitoral de 24 de xaneiro de 2011, pola que se fai pública a convocatoria do programa SICUE de mobilidade estudiantil para o curso 2011/2012, e unha vez finalizado o prazo de reclamacións establecido,

ESTA REITORÍA RESOLVE

Facer pública a lista definitiva de adxudicación de prazas do programa de mobilidade SICUE para o curso 2011/2012 (ANEXO I), a lista definitiva de agarda (ANEXO II) e a lista definitiva de exclusións (ANEXO III). A partir da publicación desta resolución, non se admitirán cambios nos destinos adxudicados.

O alumnado acollido ao programa SICUE poderá solicitar financiamento a través do programa SÉNECA (Ministerio de Educación), na convocatoria anual que se fará pública trala selección SICUE polas universidades participantes.

Renuncias:

O prazo de presentación de renuncias será dende o 5 de abril ata 7 días naturais logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes para a bolsa Séneca. Estas renuncias non penalizarán para futuras solicitudes e favorecerán a xestión da lista de agarda.

Dado que a lista de agarda permanecerá en funcionamento ata a data permitida para a presentación de renuncias, no caso de producirse algunha, o Servizo de Alumnado notificará o destino adxudicado a quen corresponda. Dita notificación efectuarase por correo electrónico e de non obter resposta no prazo de 3 días, entenderase que non lle interesa e ofertaráselle a praza ao seguinte da lista.

Non presentar renuncia no prazo sinalado anteriormente ou non incorporarse ao intercambio no prazo establecido a tal efecto penalizará, polo prexuízo causado as persoas da lista de agarda. Esta penalización supón a imposibilidade de intercambio durante un curso.

Non penalizará quen renuncie pola non concesión da bolsa Séneca, **sempre que dita renuncia sexa presentada no prazo de 7 días naturais dende a data de publicación da resolución definitiva de adxudicación das Bolsas Séneca.**

As renuncias deberán dirixirse ao Servizo de Alumnado mediante escrito presentado nos rexistros da universidade ou mediante e-mail enviado a negociadodealumnado@uvigo.es, dende a mesma dirección de correo electrónico indicada no impreso de solicitude de praza.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Contra a presente resolución, que finaliza a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición perante o Sr. Reitor Mgfco. desta universidade, de acordo cos artigos 108, 116 e 117 da Lei 30/92 de 26 de novembro (B.O.E. do 27/11/92 e modificacións posteriores), no prazo dun mes contado dende o día seguinte desta publicación. A partires dese mesmo día e se non interpuxo o recurso anterior, poderá recorrer no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o disposto pola Lei 29/98, de 13 de xullo, que regula a xurisdición contencioso-administrativa. Se opta polo recurso potestativo de reposición, haberá de agardar a que recaia resolución expresa ou presunta antes de iniciar o recurso contencioso-administrativo.

Vigo, 04 de abril de 2011
O REITOR



Sebastián Mayo de la Iglesia

VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA, PROFESORADO E TITULACIÓNS
VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
VICERREITOR DE ALUMNADO, DOCENCIA E CALIDADE
SECRETARIA XERAL
DIRECTORA DE ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA
DECANOS E DECANAS E DIRECTORES E DIRECTORAS DE TODOS OS CENTROS DA UNIVERSIDADE
COORDINADORES E COORDINADORAS DO PROGRAMA SICUE
XEFA DE SERVIZO DE ALUMNADO
XEFE DE SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
ADMINISTRADORES E ADMINISTRADORAS DE CENTROS
XEFA DE SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS
XEFA DE SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANES DE ESTUDO
XEFA DE SECCIÓN DE BOLSAS
XEFE DE SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA
XEFES E XEFAS DE ÁREA ACADÉMICA OU DE ADMINISTRACIÓN DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE
RESPONSABLES DOS REXISTROS XERAL E AUXILIARES DA UNIVERSIDADE
XEFES E XEFAS DAS AREAS DE SERVIZOS A COMUNIDADE
XEFA DE NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL
DELEGACIÓNS DE ALUMNOS